

**DOMINGO, 16 DE DECEMBRO**

## **LAGOA DE COSPEITO: REFUXIO INVERNAL DE MOITAS AVES**

**ROTEIROS  
ADEGA LUGO  
2018 - 2019**

# **FAUNA D'AQUÍ**

**Centro de Interpretación - San Martiño de Lamas**

Durante o inverno, centos de aves atopan refuxio na Lagoa de Cospeito. Neste roteiro daremos unha volta polos sendeiros entre bosques que rodean a lagoa. Deterémonos nos observatorios para buscar grandes bandos de lavancos e cercetas, entre os que se agochan outras especies curiosas como o cullerete, o parrulo cristado ou o asubiador. Tamén atoparemos indicios da presenza do xabaril ou da algaria.

Continuaremos o roteiro entre terreos agrícolas, forestais e prados húmidos, onde habita numerosa fauna como o limpafontes e outros anfibios, ou a esquiva avefría. Pasaremos preto da Lagoa da Carballosa, e remataremos na antiga escola e na igrexa de San Martiño de Lamas. O percorrido plano propio da Terra Chá non presenta grandes dificultades. É moi aconsellable levar prismáticos para gozar de boas observacións.

**Lonxitude: 14 km**

**Dificultade: baixa**

Reserva praza: Web: <https://roteirosadegalugo.wordpress.com>  
Teléfonos: 982.240.299 / 670.260.440

Saída: Avenida de Ramón Ferreiro (Fac. Formación do Profesorado) ás 9:00h.

Prezos: Xeral 18€ / Socios-socias 12€ / Estudiantes ou en paro 15€ / Ata 14 anos 5€.

Os roteiros son de xornada completa.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s.

As prazas asignaranse por orde de inscrición, **antes do venres, 14 de decembro.**

**PRÓXIMOS ROTEIROS**



+info:  
<http://roteirosadegalugo.wordpress.com>  
ou  
<http://adega.gal>

